



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### EXAME TIPO TEST E SOLUCIÓNS

1º) A Constitución española de 1978, fundamentase:

- a) Na unidade da Nación Española
- b) No compromiso de unidade de tódolos pobos e nacionalidades
- c) Na indisoluble unidade da Nación Española

2º) A responsabilidade criminal do Presidente e dos demais membros do Goberno será esixible, no seu caso:

- a) Ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional.
- b) Ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
- c) Ante a Sala do Penal do Tribunal Constitucional.

3º) Sinala a resposta correcta sobre o Goberno e a Administración:

- a) A Administración Pública actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- b) O goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución e as leis
- c) As respostas anteriores son correctas.

4º) Cal das seguintes é unha función do Presidente da Xunta de Galicia:

- a) Controlar a acción executiva da Xunta e aprobar os orzamentos
- b) Ostentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do estado en Galicia.
- c) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega.

5º) En relación ao dereitos lingüísticos en Galicia, sinala cal é a resposta incorrecta:

- a) O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo.
- b) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
- c) Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

6º) A Constitución trata sobre a organización territorial do estado no:

- a) Título VII
- b) Título VIII
- c) Título IX

7º) A Constitución garante a autonomía dos municipios.

- a) Estes gozarán de personalidade xurídica independente.
- b) Estes gozarán de personalidade xurídica propia.
- c) Estes gozarán de personalidade xurídica plena.

8º) O artigo 26 da Lei de Réxime Local establece que os municipios deben asumir as seguintes competencias.

- a) Tratamento de residuos, nos municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes
- b) Parque e bibliotecas públicos, nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes
- c) Protección do medio ambiente, nos municipios de máis de 10.000 habitantes

9º) A Corporación municipal do concello de Fisterra está composta por:

- a) O alcalde e once concelleiros
- b) O alcalde e doce concelleiros
- c) O alcalde e dez concelleiros

10º) En cantas parroquias se divide o termo municipal do concello de Fisterra:

- a) 3
- b) 4
- c) 5

11º) Aqueles actos que son declaracións formalmente efectuadas pola Administración e normalmente consignadas por escrito, denomínanse:

- a) Actos presuntos
- b) Actos declarativos
- c) Actos expresos

12º) Os elementos do acto administrativo poden clasificarse nos seguintes grupos:

- a) Elementos subxectivos, obxectivos e formais.
- b) Elementos de trámite, procedimentais e de contido.
- c) Elementos autorizantes, limitativos e suspensivos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

13º) Un administrado que se encontra respecto da Administración nun estado de suxeición xeral e que é tratado pola norma dunha forma impersoal e obxectiva.

- a) É un administrado simple.
- b) É un administrado específico ou cualificado
- c) Ambas respostas son correctas.

14º) No é un dereito das persoas nas súas relacións coas administracións públicas:

- a) A ser asistidos no uso de medios electrónicos.
- b) A protección de datos de carácter persoal.
- c) A coñecer, ao final do procedemento, a tramitación do mesmo.

15º) Para acceder aos arquivos almacenados no ordenador, Windows utiliza unha ferramenta chamada:

- a) Rastreador de Windows
- b) Explorador de Windows
- c) Buscador de Windows

16º) No programa Excel:

- a) Un libro consiste nunha serie de follas de cálculo
- b) A función SUMA pode sumar valores individuais, referencias ou rangos de cela, pero non a combinación das tres
- c) Para introducir unha fórmula nunha cela, hai que poñer en primeiro lugar o símbolo aritmético de que se trate (suma, resta...)

17º) A información que se facilitará obrigatoriamente aos cidadáns, sen esixir ningunha acreditación de lexitimación, é a:

- a) Información particular.
- b) Información xeral.
- c) As dúas son correctas.

18º) Facilitarlles a orientación e axuda que precisen no momento inicial da súa visita, e, en particular, a relativa á localización de dependencias e funcionarios, é unha función de:

- a) De recepción e acollida aos cidadáns.
- b) De orientación e información.
- c) De xestión e asistencia.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

19º) A facultade pública que pode ser exercida por calquera cidadán, independentemente da súa condición de interesada, ante calquera tardanza, desatención ou calquera outro tipo de actuación irregular que observe no funcionamento das dependencias administrativas, denominase:

- a) Reclamación
- b) Queixa
- c) Recurso

20º) No procedemento administrativo, o trámite de audiencia, está incluído dentro da fase de:

- a) Inicio
- b) Instrución
- c) Ordenación

21º) O envío de correos electrónicos a varios destinatarios con copia oculta debe realizarse a través do campo:

- a) Cco
- b) Cc
- d) Toward

22º) Que é a Chave 365?

- a) Permite os cidadáns identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de utilizar certificados dixitais nin D.N.I electrónico.
- b) Permite os cidadáns identificarse e non asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sendo necesario utilizar ou o certificado dixital ou o D.N.I. electrónico.
- c) Ningunha das anteriores respostas é válida.

23º) En España, a protección das persoas físicas en relación co tratamento de datos persoais, está regulada a través da:

- a) Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).
- b) Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD)
- c) Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)

24º) Os responsables e encargados de tratamento de datos así como todas as persoas que interveñan en calquera fase deste estarán suxeitas ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento (UE) 2016/679 e esta obriga será complementaria de:

- a) Os deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable.
- b) Os deberes de exactitude de datos conforme á regulación vixente.
- c) Os dereitos estritamente establecidos nos artigos 15 e 34 do Regulamento Europeo.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

25º) Segundo a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro , de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais; o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente podería fundarse no seu consentimento cando sexa maior de:

- a) 16 anos.
- b) 14 anos.
- c) 18 anos.

### PREGUNTAS RESERVA

26º) De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Corresponde á Comunidade Autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración Pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.
- b) Por lei poderase recoñecer a comarca como entidade local en personalidade xurídica e con demarcación propia.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

27º) Dos seguintes, ¿Cal non é un dispositivo de entrada?

- a) Ratón
- b) Teclado
- c) Disco duro

28º) O local no que se custodian documentos públicos ou particulares, recibe o nome de:

- a) Rexistro
- b) Expediente
- c) Arquivo

29º) Segundo a Constitución española de 1978, no seu título VIII:

- a) A iniciativa do proceso autonómico corresponde ás Deputacións interesadas ou ao órgano interinsular correspondente e ás tres cuartas partes dos municipios cuxa poboación represente, polo menos, a maioría do censo electoral de cada provincia ou illa
- b) O exercicio do dereito á autonomía das provincias limítrofes está recollido no artigo 2 da Constitución
- c) A iniciativa do proceso autonómico, no caso de non prosperar, soamente poderá reiterarse pasados catro anos

30º) A partir da data na que se ditou o acto, toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de:

- a) 5 días
- b) 10 días
- c) 20 días



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

## SOLUCIÓNS

- |    |   |
|----|---|
| 1  | C |
| 2  | B |
| 3  | C |
| 4  | B |
| 5  | A |
| 6  | B |
| 7  | C |
| 8  | B |
| 9  | C |
| 10 | B |
| 11 | C |
| 12 | A |
| 13 | A |
| 14 | C |
| 15 | B |
| 16 | A |
| 17 | B |
| 18 | A |
| 19 | B |
| 20 | B |
| 21 | A |
| 22 | A |
| 23 | C |
| 24 | A |
| 25 | B |

-----

- |    |   |
|----|---|
| 26 | A |
| 27 | C |
| 28 | C |
| 29 | B |
| 30 | B |